



## **PRESENTACION**

*Despois das críticas recibidas ,por parte dos participantes, na Andaina do pasado 2016,na súa inmensa maioría positivas, no nos queda outra que repetir a experiencia un ano mais.*

*Nesta ocasión intentamos incluso,forzar un pouco mais a maquinaria a imos acometer un percorrido lineal, a través dos concellos de As Neves e Arbo, con remate nas Adegas de Marqués de Vizhoja, o que conleva unha delicada tarefa de remonte, que sempre poñen a proba a capacidade organizativa de calquer grupo.*

*A saída as 9.00 da mañan do vindeiro 8 de Abril,lévanos a lidiar un primeiro sector circular de 23 klm.que percorre sendeiros do concello das Neves, donde salvaremos o clásico Sannomedio, nesta ocasión pola cara leste e retornamos o punto de saída.*

*Cargamos baterías e acometemos o segundo sector,neste caso lineal, que nos deixará, no concello de Arbo ´nas adegas Marqués de Vizhoja.*

*Éste sector e mais sinuoso e técnico que o anterior, diríxenos ata o río Miño e atopamos a primeira dificultade, xa que nos vemos na obriga de remar contra corrente na procura do berce no que algún día o Miño non era mais alá de unha pequena levada.*

*Neste tramo vémonos na obriga de compartir marcas e percorrido con outra andaina que seguramente lava alguna edición mais que nos. A Andaina que ano tras ano organizan as lampreas, salindo dende A Guarda e pretendendo percorrer a totalidade do río co fin único de depositar as ovas que perpetúen a especie o longo do tempo. Pero os organizadores de éste evento decidiron organizar algo con dificultade alta. A primeira dificultade atópana nada mais tomar a saída onde agardan centos de barcos con redes de arrastre que non deixan pasar nin o director da carreira. As mais astutas ou afortunadas teñen unha segunda proba a partires de As Neves donde a construción de centos de caneiros os dous carons do río, aporta os seusheredeiros miles e miles de exemplares cada día. E si alguna consegue pasar a ponte internacional, agarda o Encoro de Frieira, sen pértiga.*

*Para rematar dirixímonos polo Deva cara a Sande, pasando pola ponte Romana de San*

*Xoán e rematar en Cequeliños ( Adegas Marqués de Vizhoja ).*

## **ORGANIZACIÓN**

*A proba está organizada polo clube CORNELIOS MONTAÑA , contando coa colaboración dos CONCELLOS DAS NEVES E ARBO e distintas firmas comerciais que se atopan publicitadas na web do clube.*

## **SAÍDA**

*A saída darásese as 9.00 horas dende a Praza Maior Das Neves.*

*A partires das 8.00, estará aberta a entrega de dorsais, camisetas e tarxeta de control de pasos. As 8.45 benvida por parte das autoridades locais e a continuación a foto de grupo para o recordo.*

***A saída da andaina curta farase as 11.30 hras na plaza das Neves.***

***A saída da andaina Popular farase as 16:30 horas da plaza de Arbo.***

## **SINALIZACIÓN**

*O roteiro estará sinalizado con cintas de cor laranxa e cruces en cor branca e vermella, colocadas a unha distancia máxima de 200 metros.*

## **AVITUALLAMENTOS**

*Localización puntos de avituallamento e controis de paso*

<b>Km.</b>	<b>Localización</b>	<b>Apertura</b>	<b>Peche</b>	
8.500	Pousadouro	10.08	11.02	LIQ./SOL./FRUTA
16.000	Iglesia de Taboexa	11.08	12.48	LIQ./SOL./FRUTA
23.000	Praza Maior das Neves	12.05	14.28	LIQ./SOL./FRUTA
33.000	Praia-Sela	13.24	16.48	LIQ./SOL./FRUTA
	Andaina Curta/ Klm.10	13.10	16.48	LIQ./SOL./FRUTA
38.500	Praza Arbo	14.20	18.28	LIQ./SOL./FRUTA
	Andaina Curta/Klm.17	14.20	18.28	LIQ./SOL./FRUTA
47.000	Saída do Deva (pista Sande)	15.16	20.08	LIQ./FRUTA
50.800	VIZHOJA	15.40	21.00	MENÜ

## ***CONTROIS DE PASO***

*Haberá controis de paso, polos que os participantes deberán pasar nuns tempos mínimos e máximos, calculándose os mínimos a razón de 4,2 km/h e os máximos a 7,5 km/h. O percorrido pódese facer andando ou correndo, sempre que se cumpran os horarios estabrecidos pola organización.*

## ***RECOMENDACIÓNS***

*-Levar teléfono móbil, para que a organización poida localizar aos participantes que non pasen polos avituallamentos, ou avisar ( no seu caso) da necesidade de abandono.*

*-É imprescindible dar o número de dorsal en cada control de paso para facilitar a organización a ubicación de cada participante.*

*-A organización non se fará responsable dos accidentes ou danos que poidan ocorrerlles aos participantes.*

*-Os menores de 18 anos deberán vir acompañados dun responsable maior de idade*

*-O s autobuses de remonte estarán a disposición dos participantes a partires que os mesmos o requiran, horarios do primer autobús e as 18:00 horas, unha vez este compolto as 58 plazas, e así sucesivamente ata remontar a todos os caminantes.*

*-As duchas do pabellón polideportivo estarán a disposición dos participantes durante toda a xornada do día 8 de abril a partires das 17.30 horas.*